



ADMINISTRACIÓN LOCAL
MUNICIPAL
FERROL
Intervención

Corrección de erros do anuncio de aprobación definitiva da modificación do anexo de subvencións nominativas do exercicio 2025

EDICTO

O Pleno da Corporación, na sesión celebrada o día 31 de xullo de 2025, aprobou inicialmente a modificación do anexo de subvencións nominativas para o exercicio económico 2025 para o fin de incluír no departamento de Emprego a seguinte subvención:

Entidade	Concepto	Importe	Aplicación orzamentaria
UDC-Campus de Ferrol (Q6550005J)	Colaboración na organización da Feira de Emprego	10.000€	02104-2412-48000 (RC 225104454)

Transcorrido o prazo de exposición pública do acordo inicial, publicado no BOP nº 149 do xoves, 07 de agosto de 2025, e de acordo co certificado do Rexistro de data 01/09/2025, non consta expresamente que tivera entrada ningunha alegación en relación coa dita aprobación, elevándose, por tanto, a definitivo o acordo provisional, de conformidade co disposto no art. 169 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Contra este acordo, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, que comenzarán a contar ó día seguinte ao da publicación do presente anuncio, tal como dispón o artigo 10 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que se considere oportuno.

A presente modificación entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia, segundo o disposto no artigo 20 do RD 500/99, do 20 de abril e no artigo 169 do RDL 2/2004, do 5 de marzo

Ferrol, 11 de setembro de 2025

A Concelleira Delegada de Facenda, Patrimonio, RRHH e Estatística, por acordo da Xunta de Goberno Local de data 11/12/2023. (BOP nº 241 do 20 de decembro de 2023)

Susana María Sanjurjo Fraga

2025/5920